

XXVII FESTA do LONGUEIRON V ENCONTRO Pirata



FISTERRA 4 e 5 agosto '18

XXVII FESTA DO LONGUEIRÓN

Merecedor dun programa en Larpeiros, Masterchef, ou de ser indiscutible protagonista nas cocinas de Arguiñano ou André, o longueiro longueirón (linqueirón en Fisterra) chega unha vez máis as pranchas, tixolas, e fornos dos diferentes chiringuitos, que espallados ao redor da fermosa praia da Ribeira semellan converterse en restaurantes de mil e unha estrelas, onde as salsas, os arrecenderes, as texturas, temperaturas, e sabores do succulento e exquisito bivalvo, invaden os nosos sentidos con forza e alegría de tal xeito que que sen querelo, ou mellor, sen notalo, abren a noso apetito con famenta garula.

A prancha, en tortilla, con arroz ou con espaguetes, en empanada de trigo ou broa, en croquetas, empanadillas, ou albóndegas, ao dente, picantes, salgados, ao natural, ou fervendo, en frío, con limón, con tomate, ou con pemento, e somerxido en antigos prebes tradicionais ou empapado en novos mollos inventados, sempre acompañado con viño ou boa cervexa, o longueiro longueirón (linqueirón en Fisterra) celebra o seu XXVII aniversario para rebuldeira ledicia de veciños e visitantes.

Un ano máis, ven acompañado de moita piratería que, co seu desembarco, por V ano consecutivo ven ser, así como unha especie de postre, para a festa gastronómica de Fisterra por excelencia.

Sábado 4 de Agosto

13,00h Comezo da festa
e apertura de chiringuitos.

Grupo Folk **"PETAFORTE"**

Sesión Vermú ca orquesta **"PLATINUM"**

Pola tarde a partir das **17,30h**

os **KILOMBEROS DE MONTEALTO"**

19,00h:

DESEMBARCO PIRATA,

E a noitiña

Orquesta **"PLATINUM"**

Discoteca mobil **"CDC"**

Domingo 5 de Agosto

13,00h Comezo da festa

E Sesión vermú con **"MAR DA VILA"**

Pola Tarde, a partir das **17,00h**

"MALANDROS" Escola de Samba

"RAPACOLLÓNS BIG BAND"

"TROULA ANIMACION" espectáculos

Charanga **"O SANTIAGUIÑO DE PADRÓN"**

E a noitiña, a partir das **21,00h**

Orquesta **"MAR DA VILA"**

Discoteca mobil **CDC**

V DESEMBARCO PIRATA

Dende os máis remotos tempos, e dende os días nos que se perde a conta do paso dos anos, Fisterra foi atacada por todo tipo de piratas : Corsarios, bucaneiros, viquingos, filibusteiros, normandos sarracenos, Lores, Sires, e ducias de saqueadores procedentes de todo o mundo, sempre viñeron a atacarnos para levarse con eles o pouco que, ao longo da historia, sempre, tamén tivemos.

Piratas altos, baixos, guapos e feos, coxos ou tortos, mancos, gordos ou delgados, homes piratas, e piratas mulleres, piratas mozas e mozos piratas.

Semellaba que toda a piratería do mundo mundial quería atacarnos.

¿E porque sería? ¿Sería porque somos o fin da terra? ¿Sería porque aquí é onde empeza o mar? ¿Sería porque os fisterráns tamén somos algo piratas? ¿Quén o sabe?

O conto e que hoxe nos tempos que corren son moitos os piratas xa que nos visitan, como os entrañables Piratas de Poole, descendentes do famoso Corsario Harry Paye, ou tamén como outros moitos piratas peregrinos que nos invaden cada ano buscando en Fisterra o que non se sabe.

¿Non o creedes?, Pois estade ben atentos e mirade alá contra o pedregal e xa o veredes.

Desembarco Sábado 4 de Agosto ás 19,00h

Escena 1.- Os dous piratas, o loro escachapedras e o tesouro

Música: O Bolero de Ravel

His morning promenade (Charles Chaplin)

Laurel e Hardy Hitz (Movie themes)

Escena 2.- O tesouro do fin do Camiño

Música: No te olvides la toalla

(Puturrú de fua)

Banda Almada (Maldonado).

Escena 3.- ¿Onde está o tesouro?

Música: O Bolero de Ravel

His morning promenade. (Charles Chaplin)

Laurel e Hardy (Movie Themes)

Escena 4.- O ataque de Harry Paye

Música: Die Walkure: Ride of the Valkyries

(Richard Wagner)

1000 Ships of the Underworld

Nick Phoenix, TwoSteps

Escena 5.- Os mortos resucitan

Música: Amigos para siempre (Los Manolos).

Escena 6.- O ataque ao castelo e a Crus de Poole.

Música Piratas del Caribe

Escena 7.- O berro de Tana

Escena 8.- desfile final ca Compañía dos Rapaces da Poza Choca



**Benvidos sexades todos
a festa do longueirón
e ollade para os piratas
que disparan os canóns
pra avisar aos chiringuitos
de que ó acabar a función
atracaran moi axiña
pra pedir cen mil racións.**